

VI. ANUNCIOS**C) OUTROS ANUNCIOS****AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO**

ANUNCIO de convocatoria de prazas de persoal laboral fixo correspondentes á estabilización de emprego.

A Autoridade Portuaria de Vigo, ao abeiro do establecido no Real decreto 211/2019, do 29 de marzo, polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2019, realiza convocatoria para cubrir as prazas de persoal laboral fixo suxeito a convenio colectivo correspondentes á estabilización de emprego polo procedemento de concurso:

- 1 praza de servizo de soporte (GIII BII N7).

As bases da convocatoria e os impresos de solicitude están dispoñibles na páxina web da Autoridade Portuaria de Vigo www.apvigo.es, na páxina web de Portos do Estado www.puertos.es e na páxina www.administracion.gob.es.

As solicitudes deberán presentarse no prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, no Rexistro Xeral da Autoridade Portuaria de Vigo, das 9.00 ás 14.00 horas, nos rexistros a que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, ou telemáticamente a través da páxina web <https://sede.apvigo.gob.es>. Se o último día do prazo coincide en sábado, domingo ou festivo, este finalizará no seguinte día hábil.

Vigo, 8 de xullo de 2020

Enrique César López Veiga
Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo

